

SINÓNIMOS

Nadav Lapid, 2019

640

ESTREA EN NUMAX: 14.02.2020 | V.O.S.E. | +16

Synonymes (2019, 123')

Dirección: Nadav Lapid

Guión: Nadav Lapid, Haïm Lapid

Elenco: Tom Mercier, Quentin Dolmaire, Louise Chevillotte

Son: Marina Kertesz

Fotografía: Shai Goldman

Montaxe: Neta Braun, François Gédigier, Era Lapid

Vestuario: Khadija Zeggai

Produtora: Pie Films (Israel), SBS Films, arte France Cinéma (Francia)

Distribuidora: Good Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2019 (Oso de Ouro, FIPRESCI), Sevilla 2019 (Mellor dirección)

FILMOGRAFÍA

La profesora de parvulario, 2014
Policia en Israel, 2011

SINOPSE

Yoav, un mozo israelí, marcha a París coa esperanza de que Francia e os franceses o salven da loucura do seu país. Nada máis chegar á cidade, Yoav fica literalmente espido, sen posesións nin identidade. Renace así de cero, renegando de Israel e do hebreo, e establece unha intrincada e sensual relación co seu benefactor Émile e a súa moza Caroline.

«Abraiante, arroutada, brillante, divertida, teimuda e totalmente imperdibel. Un dos mellores filmes da década»

David Ehrlich, INDIEWIRE



“Tento transmitir a verdade do momento”

Entrevista con Nadav Lapid

Por Bénédicte Prot

Yoav parece ser máis un concepto que un personaxe, unha figura botada a un universo beckettiano ou do outro lado do espello? É certo no sentido de que adopta un programa existencial a partir dunha idea que levará ao extremo. De feito, experimenta unha transformación en todos os aspectos, mental, físico e intelectual; e no seu día a día, iso equivale a percorrer as rúas de París murmurando sinónimos. Dito isto, creo que como director o que me fascina é crear un cinema que sexa, ao mesmo tempo, físico e cru, concreto e brutal, que reactive as ideas, semente o caos e evite que un concepto se atope con outro concepto.

En comparación coa parella moza francesa intelectual que o acolle, Yoav é moi físico. O seu corpo expresa unha rabia procedente case da tensión postraumática. Sen dúbida, sofre un pouco de tensión postraumática, pero o trauma é a súa propia identidade, non un feito concreto. Algunhas cousas teñen que ver co exército, co servizo militar; pero é a vida a que lle causou este trauma, a vida como israelí, polo que tenta desfacerse do seu pasado, renuncia ás palabras en hebreo e atopa palabras en francés... Ao mesmo tempo,

a súa identidade israelí está ancorada ao seu corpo, que é moi israelí. Quizais por iso tenta destruíla desde o principio: primeiro conxélaa, que é unha especie de morte simbólica; despois faina pasar fame e, finalmente, prostitúea. Pero o corpo négase a desaparecer e cando o rebaixou, as palabras en hebreo volven saír da súa boca. Por tanto, eu penso que este personaxe é unha especie de crebadura ambulante porque se odia a si mesmo.

Tiñas esta idea en mente desde o principio? Esta idea corresponde á miña experiencia persoal de hai 17 anos. En liñas xerais, cada escena da película ocorreu de verdade. Non me gustan os directores que fan cousas complexas e din: «De feito, é moi simple». Nesta película vinme obrigado a facer o mesmo porque conto o que eu creo que pasou. Hai un elemento narrativo moi primitivo nesta película: non hai moitos xiros; é a historia dun tipo que chega, vive a súa vida e vaise. A complexidade da película reside en que case todos os momentos e acontecementos son contraditorios.

Todas as historias que conta Yoav son túas ou doutras persoas? A miña principal motivación é captar unha verdade a través de momentos, non facer autoficción. Ademais, estou convencido de que cada experiencia humana pode servir de xanela para observar a existencia, e a miña experiencia persoal non é tan específica, pero como eu coñecía ben a miña permitíame entrar en detalles. Neste sentido, poderíase dicir que todo o que pasa na película ocorre, pero creo que todos nos

expuxemos a esas preguntas sobre a identidade (En que medida somos escravos do noso pasado ou do noso lugar de nacemento? Ou somos criaturas libres? Desexamos esta liberdade? Unha persoa pode transformarse noutra?).

Que te levou a elixir este achegamento visual tan diverso, colorido e móbil; branco e arquitectónico, con variacións de ángulos e de distancia?

A idea era tentar transmitir a verdade do momento. Neste sentido, é unha especie de formalismo cru e espido que usa todos os medios dispoñíbeis: o son, os decorados, o vestiario, a cámara. Con respecto a isto último, creo que a cámara non debería permanecer emocionalmente obxectiva. Por iso, tamén aparece en escena o corpo do director de fotografía, porque para min os sentimentos pasan polo seu corpo e pola súa man, que suxeita a cámara, vense na pantalla e tamén son importantes. En efecto, hai unha diversidade visual que sempre tenta adherirse ao que ocorre nas escenas, ou de ofrecer o punto de vista oposto ao que ocorre.

Publicada en <https://cineuropa.org>
Tradución: Olalla Cociña Lozano

O director

Nadav Lapid (Tel Aviv, Israel, 1975) estudou filosofía en Tel Aviv e mudouse a París tras facer o servizo militar. Regresou a Israel para obter un título na Escola de Cinema e Televisión Sam Spiegel en Xerusalén. Co seu primeiro filme, *Policia en Israel*, logrou o Premio Especial do Xurado en Locarno en 2011. *La profesora de parvulario* estivo na Semana Internacional da Crítica de Cannes. Con *Sinónimos* gañou o Oso de Ouro en Berlín o pasado ano.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenumax